

AO COIDADADO DE TODO O PERSOAL QUE TRABALLA EN NAVANTIA **Resolución da *assemblea da UTE de mantemento na ría de Ferrol***

En setembro do pasado ano, o persoal do mantemento de Navantia na Ría de Ferrol nos mobilizamos para defender a 15 compañeiros que INDASA e a UTE Tecman-ElectroRayma pretendían despedir de xeito completamente irregular e en represalia por ter esixido o cumprimento do noso convenio.

A loita foi dura. Os empresarios, que contaron co apoio total dos responsables de Navantia, non estaban dispostos a consentir que os traballadores das auxiliares nos atrevésemos a prantarlles cara. Con todo, despois de case un mes de folga e grazas á determinación e á solidariedade de moita xente, gañamos a batalla.

Pouco habituados ás derrotas e conscientes de que o noso Comité de Empresa é o principal obstáculo que teñen para atacar os nosos dereitos, a dirección de Navantia e a nosa empresa acordaron facer o posible para quitalo de diante.

A nova estratexia evidenciouse o pasado 26 de novembro coa publicación do prego de licitación do mantemento. Nel establécese que este se adxudicará a un mínimo de cinco empresas, co que os 56 traballadores con dereito a subrogación remataríamos espallados entre elas e o noso Comité, ese escollo que tanto lles molesta, desaparecería. O “divide e vencerás” de toda a vida.

A xustificación oficial de Navantia, “obter as máximas garantías na correcta realización da prestación [do servizo], así como diversificar a contratación”, non pode ser máis indignante:

- A preocupación de Navantia polo “traballo ben feito” nunca existiu ata que decidimos defender os nosos dereitos. Lémbrense agora e o fan cunha proposta que se axusta moi ben á súa estratexia antisindical.
- Un “traballo ben feito” que a dirección de Navantia pretende relacionar coa prevención nas factorías. O cinismo desta xente non ten límites . A prevención impórtalles ben pouco no día a día. Se lles preocupase tanto como din non nos presionarían tanto para facer os traballos a toda presa. Tampouco lles importou durante a suspensión de actividade pola pandemia, especialmente as primeiras semanas, nas que nos obrigaron a traballar nunhas condicións de falta de seguridade inadmisibles.
- Somos os primeiros interesados en recibir formación, pero resulta indignante que tenten encubrir un ataque antisindical cuestionando a nosa profesionalidade. Estivemos e estamos abertos á formación, pero sempre nola ofreceron vulnerando os nosos dereitos recollidos no convenio.
- Temos moi claro que o feito de que sexan entre cinco e oito empresas as que se ocupen do mantemento vai empeorar o servizo por canto se vai precisar un nivel de coordinación entre elas que vai ser imposible de levar adiante. A máis, probablemente a maioría desas empresas formen parte do mesmo tinglado empresarial que o xestiona agora (ElectroRayma e Intaf), polo que aínda resulta máis inxustificable esta fragmentación.

Os traballadores da UTE de mantemento non aceptamos este novo ataque. Quérennos submisos, quérennos escravos, pero xa estamos fartos

Xa que logo **ESIXIMOS:**

Retirada do prego actual antes da fin do prazo de presentación das ofertas (15 de xaneiro) e negociación dun novo no que, a fin de garantir os nosos dereitos, participe o noso Comité de Empresa.

De non ser así, comezaremos unha xeira de mobilizacións para a que solicitaremos o apoio de todos os compañeiros e compañeiras de Navantia, tanto da principal como das auxiliares.